

Curso 2019/2020

PLAN DE CONVIVENCIA



CEIP MESTRE VIDE

OURENSE

## ÍNDICE

### NORMATIVA

1. O CENTRO DOCENTE: CARACTERÍSTICAS E ENTORNO
  - 1.1. Características
  - 1.2. Situación actual da convivencia.
  - 1.3. Resposta do centro.
  - 1.4. Relación coas familias.
  - 1.5. Experiencias realizadas.
  - 1.6. Necesidades de formación e recursos.
2. OBXECTIVOS E ACTITUDES
3. ACTIVIDADES PREVISTAS
4. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN
  - 4.1. Xerais:
    - 4.1.1. Conductas contrarias ás normas de convivencia.
    - 4.1.2. Conductas gravemente perxudiciais.
    - 4.1.3. Medidas correctoras.
    - 4.1.4. Expediente disciplinario.
  - 4.2. Específicos.
5. DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

## PLAN DE CONVIVENCIA

### CEIP MESTRE VIDE

#### NORMATIVA BÁSICA

- Constitución Española: punto 1 artículo 30.
- Ley Orgánica 2/2006, de 4 de mayo, LOE. Ley Orgánica 8/1985, de 3 de xullo.
- Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia -.
- Ley Orgánica 10/2002 de 23 de diciembre, de “Calidad de la Educación”.
  - Título Preliminar. Capítulo I. “De los principios de la Calidad”.
  - Capítulo II. “De los Derechos y Deberes de padres y alumnos”.
- Lei de participación, avaliación e goberno dos centros públicos e concertados.
- Real Decreto 732/1995 que establece os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia dos centros.
- Decreto 374/1996 do 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria (D.O.G. 21 de outubro).
- Orde do 22 de Xullo de 1997 pola que se regula a organización e funcionamento dos C.E.I.P.
- Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato.
- Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro de 2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

#### NORMATIVA ESPECÍFICA

- Instrucións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa sobre a constitución do Observatorio da Convivencia nos centros educativos e para a elaboración do Plan de Convivencia, de data 17 de outubro de 2007.

### 1. O CENTRO DOCENTE: CARACTERÍSTICAS E ENTORNO

1.1 Características do centro: O CEIP Mestre Vide de Ourense está situado nunha zona céntrica desta cidade, polo que os alumnos proceden de familias de condición económica media-alta dentro do contexto provincial. A maioría dos

pais e nais son traballadores por conta allea, empregados públicos ou de empresas privadas, e algúns, empresarios.

O ambiente familiar, económico e afectivo é estable, sen grandes conflitos nin problemas, o que inflúe de xeito positivo na tarefa educativa.

A porcentaxe de alumnos procedentes de zonas periféricas ou inmigrantes é insignificante.

**1.2 Situación actual da convivencia:** As actuacións educativas que se desenvolven neste centro van encamiñadas a promover o crecemento integral da persoa, o desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor, prever e crear actitudes positivas cara a os demais e resolver os conflitos a través do diálogo.

Por iso existen xa unhas normas de convivencia e unha normativa para regular o funcionamento do centro, contidas no Regulamento de Réxime Interno.

Na actualidade o clima de convivencia é bo. Non se observan serios problemas de conduta, aparecendo de cando en vez algún conflito esporádico que se resolve fundamentalmente con diálogo e algunha medida disciplinaria de carácter menor.

Os conflitos máis frecuentes acostuman ser os seguintes: Insultarse, poñerse “motes” (alcumes), algunha pelexa por causa do xogo, falta de acordo e, en nalgúns casos, non facer caso ás indicacións dos titores ou non realizar as tarefas escolares.

### **1.3 Resposta do centro a estas situacións:**

- Os titores resollen o conflito con diálogo e razonamos cos seus alumnos as normas que van rexir a boa marcha da clase. (
- O Equipo Directivo apoia esta labor reforzando as medidas disciplinarias aplicadas.
- Infórmase aos pais permanentemente dos conflitos, ben no momento que xurden, ou ben nas entrevistas de titorías habituais, utilizándoos como medio de educar e formar o carácter e a personalidade do alumnado.
- Cando xurde un problema séguese o seguinte procedemento:
  1. Falar co alumno/a ou alumnos/as implicados/as. Intentar que se aclaren as cousas.
  2. Facer as paces ou pedirse perdón.
  3. Se a situación o require e, segundo a gravidade do caso,
    - Amoestación.
    - Quedarse sin recreo e facer algún traballo realcionado co conflito.
    - Chamar aos pais o poñelos ao corrente do acontecido.
    - Se o caso é grave e reiterativo poñer en marcha os procedementos recollidos no Regulamento Réxime Interior do Centro.

**1.4. Relación coas familias :** A colaboración e diálogo cos pais é continua. A maioría acuden ao centro con bastante frecuencia e a colaboración é excelente. O centro tamén se relaciona cos pais por medio da ANPA.

**Experiencias realizadas no centro con relación á convivencia:** Este centro vén traballando as actitudes que favorecen a convivencia, propoñendo estas como obxectivo educativo do centro, celebrando comunitariamente e nas aulas o día da paz e tentando conseguir os seguintes hábitos de conduta Saúda sempre.

- Pide as cousas por favor e dá as grazas
- Cede o paso. Aprende a respectar a quenda de palabra.

Aprende a escoitar aos demais Respecta a súa opinión. Dialogar é cousa de varios. **-,as persoas son respectables; as opinións, non. Por exemplo, non é respectable a opinión de que hai “razas” superiores, ou sexos inferiores, ou que todos os de determinada etnia son ladróns... Ou sexa, eu non poría iso de “respecta a súa opinión”.**

- Busca sempre facer bos amigos e amigas.
- Fai un esforzo por perdoar e olvidar os roces e pequenos conflitos. Aprende a pedir perdón.

Fai o teu traballo con alegría e optimismo. Hai moitos motivos para estar alegres.

- .

### **1.5. Necesidades de formación e recursos:**

- A formación do profesorado é un dos aspectos claves que poden contribuir ao fomento da convivencia e á prevención de situacións que poden afectala negativamente. É por iso polo que as actuacións de formación irán dirixidas ao fomento da convivencia, ao desenvolvemento da competencia social e de capacidades afectivas, á prevención e resolución de conflitos, á non violencia Difusión da bibliografía referida á convivencia escolar.

## **2. OBXECTIVOS E ACTITUDES QUE PRETENDE FAVORECER O PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR:**

O Plan de convivencia ten por finalidade favorecer propostas educativas que axuden ao centro a conseguir a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, así como no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, a desenvolver a motivación do alumnado pola apredizaxe, e mellorar a cohesión e as relacións internas de cada grupo.

Consideramos que a convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e que é fundamental no proceso educativo.

O conflito ( é inherente á vida en común e é normal no desenvolvemento das relacións entre iguais, por iso se deben establecer cauces (**canles**) para a aprendizaxe da convivencia de forma dialogada e pacífica.

Toda corrección ou sanción terá un propósito formativo, xa que a disciplina debe favorecer obxectivos educativos estimulando no alumno/a (**nos alumnos**) cambios cognitivos, emocionais e conductuais (**condutuais**).

Pos iso, con este plan de convivencia pretendemos conseguir os seguintes obxectivos:

1. Favorecer o desenvolvemento das relacións entre os compoñentes da comunidade educativa, especialmente das familias, garantindo o seu senso positivo.
2. Efectuar un diagnóstico preciso da realidade escolar no terreo da convivencia e plantexar (**formular**) propostas de actuación.
3. Tomar medidas que afronten a influencia do contexto social cercano ao alumnado.
4. Desenvolver en todos os membros da comunidade educativa habilidades sociais de comunicación e resolución de conflitos .
5. Traballar coas normas de convivencia do centro e adaptalas aos distintos niveis e idades.
6. Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, a igualdade de trato entre todos os membros da comunidade educativa.
7. Desenvolveremos o Principio de igualdade entre mulleres e homes, e estableceremos, as necesidades, obxectivos, e directrices básicas de convivencia e actuacións.
8. Fomentar a consecución de actitudes que deberán basearse nas **Normas de Convivencia** especificadas no Regulamento de Réxime Interno do centro entre as que queremos destacar as seguintes:
  - a) Asistir a clases con puntualidade e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudio.
  - b) Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
  - c) Seguir as orientacións do profesorado respecto da aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.
  - d) Respetar o exercicio do dereito ao estudio dos seus compañeiros.
  - e) Respetar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
  - f) Non discriminar por razón de nacemento, raza **orixe étnica**., sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.
  - g) Coidar e utilizar correctamente os bens e as instalacións da comunidade educativa.

### **3. ACTIVIDADES PREVISTAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS SINALADOS:**

Con carácter xeral intentarase realizar cada curso escolar as seguintes actividades:

1. Debate sobre as Normas de Convivencia en cada titoría, detectando os fallos do curso anterior.
2. Elaboración das normas que van rexir a marcha da convivencia na clase e publicación das mesmas nun libro que recolla as de cada clase.
3. Comunicar aos pais de cada titoría as normas da mesma.
4. Coloquio sobre o Plan de Convivencia do centro coa colaboración dos pais. Estudar as estratexias familiares máis recomendables para favorecer a resolución de conflitos .

5. Difusión dos Estatutos Europeos para os centros educativos democráticos sen violencia.
6. Buscar en cada titoría a forma de proceder para evitar que se dea o maltrato, acoso ou intimidación entre iguais de maneira especial no terceiro ciclo.
7. Reflexionar, polo menos unha vez ao mes e sempre que se considere oportuno, a marcha da convivencia na clase e buscar as actuacións que potencien as boas relacións do grupo.
8. Fomentar os valores democráticos: a tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica. (Plan de acción tutorial).
9. Elaboración dun parte que recolla as incidencias dos alumnos que presenten alteracións de comportamento cos seguintes apartados:
  - a) Información previa
  - b) Prognóstico
  - c) Toma de decisións
  - d) Avaliación da evolución do alumno/a .

#### **4. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN**

##### **4.1 Procedementos xerais:**

Os procedementos xerais derivan das **normas de convivencia**. Por iso é preciso clasificar as **condutas** en relación con estas Normas e en consonancia co R. R. I.. Destacamos as seguintes:

##### **4.1.1 Condutas contrarias ás normas de convivencia:**

- a) Faltas inxustificadas a clase.
- b) Retrasos inxustificadas.
- c) Non seguir as orientacións e indicacións de profesores ou do persoal non docente.
- d) Desafío á autoridade do profesor.
- e) Acoso e / ou intimidación entre alumnos.
- f) Agresións verbais entre alumnos.
- g) Agresións físicas entre alumnos.
- h) Agresión física e / ou verbal a profesores ou a calquer outro persoal do centro.
- i) Roubo de material do centro ou de obxectos persoais de outros..
- j) Incumprir as sancións impostas.
- k) Discriminación grave contra os membro da comunidade educativa por razón de nacemento ,**orixe étnica** ,sexo conviccións políticas , morais ou relixiosas..

##### **4.1.2 Condutas gravemente perxudiciais para a convivencia no centro:**

- a) Os actos de indisciplina, inxuria, ofensas graves contra os membros da comunidade educativa.

- b) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas contrarias ás normas de convivencia.
- c) Agresión grave, física ou moral, contra os demais membros da comunidade escolar.
- d) Falsificación de documentos académicos.
- e) Danos graves causados por uso indebido e intencionado dos locais, material, documentos do centro ou dos bens de calquera membro da comunidade educativa.
- f) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, e a propia imaxe dos membros da comunidade educativa.
- g) Actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.
- h) Actuacións praxudiciais para a saúde ou a integridade persoal dos membros da comunidade educativa, ou a incitación ás mesmas.
- i) O incumprimento das sancións impostas.
- j) As situacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da lei 4/2011.

#### 4.1.3 Medidas correctoras das condutas contrarias ás normas de convivencia:

As correccións que deban aplicarse polo incumprimento das normas terán un **carácter recuperador** e deberán garantir o respecto aos dereitos dos alumnos e tenderán á procura da mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa. Ademais das contidas no R. R. I. poderán ser aplicadas as seguintes:

- a) A amoestación privada e verbal do profesor, do titor ou do xefe de estudos co compromiso, por parte do infractor, de modificación da súa conduta .
- b) Amoestación por escrito do profesor, do titor ou do xefe de estudos e posterior comunicación aos pais ou tutores.
- c) Realización de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou ás pertenzas de outros membros da comunidade educativa .
- d) Rectificación pública, cando proceda.
- e) Sus pensión do dereito a participar en actividades complementarias.
- f) Cambio de grupo por espazo máximo dunha semana.
- g) Calquera outra medida que se considere oportuna.
- h) Realización, dentro ou fóra de horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- i) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre un a catro días.



A efectos de valorar as correccións considéranse **circunstancias paliativas** o recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta así como a falta de intencionalidade.

Considéranse **circunstancias agravantes** a premeditación, a reiteración e causar dano, inxuria ou ofensa a compañeiros de menor idade.

#### 4.1.4 Expediente disciplinario:

A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, impondrá as correccións enumeradas no artigo 39 deste capítulo de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

#### 4.2 Procedementos específicos:

- Os procedementos específicos que seguirá o CEIP Mestre Vide para correxir posibles situacións de acoso escolar serán os suxeridos no libro “Plan de convivencia do centro” publicado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, Lei 4/ 2011 ,artigo 28.

## 5. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Tal como se recolle no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro. está constituído no seo do consello escolar do centro.

Trátase dun órgano colexiado creado para seflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro, propoñer e, de selo caso, deseñar as estratexias a adoptar para o fomento da cultura da paz e para mellorar o clima da convivencia escolar.

Funcionará en pleno, e celebrará tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con cracter extraordinario, cantas veces sexa convocado pola presidencia, a instancia propia ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Na actualidade está constituído seguindo as normas establecidas e está composto polos seguintes representantes da comunidade educativa:

Director, D.Juan Manuel Regal Lamelo

Xefa de Estudos, D<sup>a</sup> Lurdes Manso dela Torre

Xefa do Departamento de Orientación, D<sup>a</sup> Maria Sonia Gómez Lorenzo

Representates do profesorado:

1. D<sup>a</sup>María Esther Fernández

2. D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Pérez Rodríguez,
3. D<sup>o</sup> Francisco Javier Pérez Iglesias,
4. D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Mercedes Rodríguez Rodríguez.

Representante dos pais de alumnos:

1. D.<sup>a</sup> Ana Irene Cid Constela
2. D<sup>o</sup> Francisco Javier Rodríguez Martínez,
3. María José Yáñez Fernández

Representante de persoal non docente: D. Manuel Domínguez Ferreiro

As súas principais funcións serán:

- Dinamizar o Plan de Convivencia do centro.
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia e das iniciativas a nivel do centro.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados na mellora da convivencia.
- Propoñer á Administración educativa todas as medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro.
- Informar trimestralmente ao consello escolar.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro.
- Aquelas outras que lle sexan encomendas polo consello escolar do centr

## **6. DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN**

Este Plan de Convivencia deberá ser coñecido por todos os membros da comunidade educativa; por iso é preciso que se dispoña dos medios de publicidade necesarios para cumprir tal obxectivo. Deberá ser comentado en assembleas, reunións a tal efecto e titorías de alumnos.

A Comisión de Convivencia Escolar reunirse trimestralmente para estudar a marcha da convivencia no centro e redactar un informe sobre as incidencias producidas durante cada curso, as actuacións levadas a cabo e os resultados conseguidos.

Ourense, outubro 2017



Este Plan de Convivencia foi redactado pola Comisión de Convivencia deste centro, aprobado polo Claustro de Profesores na súa reunión de 21 de abril de 2017 e supervisado polo Consello Escolar na súa reunión da mesma data.

Ourense, a 21 de abril de 2017

Vto e Prce. do director

Juan Manuel Regal Lamelo

O secretario

Celso Blanco Cadahía



## ANEXO I

Como orientacións que han de servir de guía a todas as actuacións da nosa comunidade educativa, asumimos os ***Estatutos europeos para os centros educativos democráticos sen violencia:***

- 1.- Todos os membros da comunidade educativa teñen dereito a un centro seguro e sen conflitos. Cada individuo ten a responsabilidade de contribuir á creación dun ambiente positivo que favoreza a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal.*
- 2.- Todos teñen dereito a ser tratados e respetados por igual con independencia das súas características persoais (sexo, raza, relixión, etc...). Todos gozan de liberdade de expresión sen risco de discriminación ou represión.*
- 3.- A comunidade educativa garante que todos os seus membros coñecen os seus dereitos e responsabilidades.*
- 4.- Cada centro educativo democrático posúe un órgano de toma de decisións elixido democráticamente e composto por representantes dos estudantes, profesores, pais e outros membros da comunidade educativa, según proceda. Todos os membros deste órgano teñen o dereito de voto.*
- 5.- Nun centro educativo democrático, os conflitos son resoltos en estreita colaboración con todos os membros da comunidade educativa, dunha maneira constructiva e sen violencia. Todo centro educativo ten persoal e alumnos preparados para prever e solventar os conflitos a través de actuacións de mediación e consenso.*

6.- *Todo caso de violencia é investigado e tratado coa maior prontitude posible, e examinado en profundidade, xa sexan alumnos o calquera outros membros da comunidade educativa os implicados.*

7.- *O centro educativo forma parte da comunidade local. A cooperación e o intercambio de información con outras entidades locais son esenciais para a prevención e a resolución dos problemas.*

